

**REUNIÓN DA COMISIÓN 1.^a,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

A Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 16 de xuño de 2017, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.


A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Comparecencia en Comisión

- 1.1 9938 (10/CPC-000019)
Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias
Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa, por petición propia, para informar sobre o Plan Anual Normativo 2017 na Administración da Comunidade Autónoma de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Punto 2. Proposicións non de lei en Comisión

- 2.1 4390 (10/PNC-000411)
Grupo Parlamentario de En Marea
Santos Queiruga, Carmen e 13 máis
Sobre a elaboración e o impulso pola Xunta de Galicia dunha lei galega de lobbies
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 62, do 08.02.2017
- 2.2 6615 (10/PNC-000669)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 5 máis
Sobre a difusión polo Goberno galego entre os concellos da posibilidade de que a Xunta de Galicia colabore nos procesos selectivos de policía locais, establecida na Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, así como a realización do desenvolvemento regulamentario preciso para a implantación no ano 2018 da primeira convocatoria centralizada
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 87, do 22.03.2017
- 2.3 6997 (10/PNC-000711)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para converter o antigo centro de saúde de Tui nun novo edificio xudicial que albergue os tres xulgados da vila, e a súa entrada en servizo antes de decembro de 2018



Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017

- 2.4 9595 (10/PNC-001003)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de toponimia galega deturpada por organismos e institucións oficiais, así como pola empresa Google na aplicación Google Maps
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 124, do 07.06.2017

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2017

César Manuel Fernández Gil
Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

César Manuel Fernández Gil na data 12/06/2017 12:02:50

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1.^a, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
María Isabel Novo Fariña	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1. Comparecencia en comisión

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 9938(10/CPC-000019)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa,
por petición propia, para informar sobre o Plan Anual
Normativo 2017 na Administración da Comunidade Autónoma de
Galicia

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017

05/06 2017 9:10 FAX 00981541211

0001/0001



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

05 XUN. 2017

Núm. 9938

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E XUSTIZA
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIONS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS

- 5 XUN. 2017

SAIDA

Num. 536

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 143 do Regulamento da Cámara, a comparecencia ante a Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior e a petición propia, da directora xeral de Avaliación e Reforma Administrativa para informar sobre “o **Plan Anual Normativo 2017 da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia**”.

Santiago de Compostela, 5 de xuño de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais
e Parlamentarias

Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. Presidente do Parlamento de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei en Comisión

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 4390(10/PNC-000411)

Grupo Parlamentario de En Marea

Santos Queiruga, Carmen e 13 máis

Sobre a elaboración e o impulso pola Xunta de Galicia dunha
lei galega de lobbies

Publicación da iniciativa, 62, 08.02.2017



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 4390
Data envío: 01/02/2017 17:56:59.541



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentar de EN MAREA, a iniciativa dos deputados e deputadas **Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Luca Chao Pérez, Eva Solla Fernández, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Vázquez Verao, Davide Rodríguez Estévez, Paula Quinteiro Araujo, Marcos Cal Ogando, Ánxeles Cuña Bóveda, Luís Villares Naveira, Manuel Lago Peñas, Antón Sánchez García e Francisco Casal Vidal**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión**, relativo a formulación dunha Lei de Lobbies galega.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A realidade na que nos atopamos é que empresas, fundacións, medios de comunicación ou outros suxeitos ou grupos de presión, teñen en moitas ocasións máis influencia sobre os contidos e os destinos das políticas públicas; promovendo, defendendo ou representando un interese particular fronte os propios intereses da cidadanía ou do beneficio para o conxunto dos cidadáns.

Por isto, dende En Marea, vemos totalmente necesario e prioritario a creación dunha Lei de Lobbies galega, introducindo así maior transparencia e integridade formal no sistema de relación entre actores públicos e privados cara a influencia nas políticas públicas, promovendo un sistema de maior equilibrio. Con obxectivos primordiais como o de de facer transparentes as reunións e as



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 4390
Data envío: 01/02/2017 17:56:59.541



conclusións do goberno cas grandes empresas, medios ou grupos de interese particular, así coma un rexistro dos Lobbies.

Polo exposto, formulamos a seguinte Proposición non de lei, para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia á creación e impulso dunha Lei de Lobbies Galega dotada de eficacia que favoreza os intereses do conxunto da sociedade.

Santiago de Compostela, 1 de febreiro de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Carmen Santos Queiruga na data 01/02/2017 17:50:21

Magdalena Barahona Martín na data 01/02/2017 17:50:29

Paula Vázquez Verao na data 01/02/2017 17:50:38

María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 01/02/2017 17:50:41

Juan José Merlo Lorenzo na data 01/02/2017 17:50:45

Antón Sánchez García na data 01/02/2017 17:50:48



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 01/02/2017 17:56
Nº Rexistro: 4390
Data envío: 01/02/2017 17:56:59.541



Eva Solla Fernández na data 01/02/2017 17:50:51

Luca Chao Pérez na data 01/02/2017 17:50:54

Paula Quinteiro Araújo na data 01/02/2017 17:50:57

Luis Villares Naveira na data 01/02/2017 17:51:00

José Manuel Lago Peñas na data 01/02/2017 17:51:03

Francisco Casal Vidal na data 01/02/2017 17:51:06

David Rodríguez Estévez na data 01/02/2017 17:51:10

Marcos Cal Ogando na data 01/02/2017 17:51:14

**Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior**

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 6615(10/PNC-000669)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 5 máis

Sobre a difusión polo Goberno galego entre os concellos da
posibilidade de que a Xunta de Galicia colabore nos procesos
selectivos de policía locais, establecida na Lei 4/2007, de
coordinación de policía locais, así como a realización do
desenvolvemento regulamentario preciso para a implantación no
ano 2018 da primeira convocatoria centralizada

Publicación da iniciativa, 87, 22.03.2017



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6615
Data envío: 14/03/2017 18:42:44.674

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu Portavoz, a iniciativa das deputadas e deputados, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, Julia Rodríguez Barreira o abeiro do disposto nos artigos 160, e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **Proposición non de Lei para o seu debate en Comisión.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, establece no seu artigo 32 a posibilidade, tanto de asunción completa do proceso selectivo de persoal pola Xunta de Galicia, como a da colaboración:

“Os concellos poderán solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza.

Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, no seu caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acordan mediante os oportunos convenios de colaboración”

Neste marco, a Vicepresidencia, vén de asinar coa FEGAMP un Protocolo de colaboración para a colaboración na realización das probas selectivas nos corpos da Policía Local de Galicia.

O obxectivo do Goberno galego é colaborar activamente cos concellos de Galicia que dispoñen de corpo da Policía Local, en especial con aqueles que contan con limitados medios humanos e técnicos, para a realización dos procesos selectivos de ingreso dos novos membros dos corpos da Policía local de Galicia, en aras a necesaria colaboración entre administracións públicas.

A estes efectos, trátase dun acordo marco xeral de colaboración dispoñible para aqueles concellos que voluntariamente o desexen.



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 15/03/2017 09:30
Nº Rexistro: 6615**
Data envío: 14/03/2017 18:42:44.674

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que cómpre seguir avanzando no camiño andado e por todo o exposto presentamos esta **Proposición non de Lei en Comisión**:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta a:

1º.- Realizar a maior difusión entre os concellos de Galicia da posibilidade de contar coa colaboración da Xunta de Galicia nos procesos selectivos de policía locais, cara a continuar coa mellor profesionalización destes corpos.

2º.- Realizar o desenvolvemento regulamentario necesario no prazo mais áxil posible para implantar en 2018 a primeira convocatoria centralizada”.

Santiago de Compostela, 14 de Marzo de 2017.

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 14/03/2017 18:39:42

Paula Prado Del Río na data 14/03/2017 18:40:08

Jacobo Moreira Ferro na data 14/03/2017 18:40:30

César Manuel Fernández Gil na data 14/03/2017 18:40:54

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 14/03/2017 18:41:08

Alberto Pazos Couñago na data 14/03/2017 18:41:18

María Julia Rodríguez Barreira na data 14/03/2017 18:41:37

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 6997(10/PNC-000711)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para converter o antigo centro de saúde de Tui nun novo edificio xudicial que albergue os tres xulgados da vila, e a súa entrada en servizo antes de decembro de 2018

Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e do seu deputado **Patricia Vilán Lorenzo, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo**, a través do seu portavoz, e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Exposición de motivos

O servizo público da xustiza é básico para a vertebración do estado social e democrático de dereito. Pero por desgraza, nestes últimos anos de Goberno do Sr. Feijóo, a Administración de xustiza en Galicia sinalou a falta de vontade política e de capacidade para asumir as competencias constitucionais e estatutarias que a nosa Comunidade Autónoma ten no eido dunha institución tan esencial.

Como indicador, o orzamento de gasto en actuacións relativas á Administración de xustiza para o exercicio 2017 é de algo máis de 104 millóns de euros, é dicir, só uns 12 millóns de euros máis que as previsións para construcións que recollía o Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015.

Como exemplo deste desleixo, na provincia de Pontevedra, nada do previsto no Plan de infraestruturas xudiciais 2010-2015 se ten feito na vila de Tui. Segundo a dirección marcada por Vicepresidencia da Xunta de Galicia, non se aposta pola rehabilitación de edificios xa existentes senón pola nova construción. Con esta premisa, o Concello de Tui decidiu no ano 2015 asumir o custo de demolición dun inmovible na vila -tal e como lles pedía Vicepresidencia- coa fin de poder situar neses terreos un novo edificio para os novos xulgados (uns 70.000 euros de proxecto de derribo).



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6997
Data envío: 23/03/2017 16:27:42.878



Grupo Parlamentario

Agora resulta que o Goberno di -en resposta de data 15 de febreiro- que a partida orzamentaria vai para a conversión do antigo centro de saúde en novo xulgado.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que destine o orzamento suficiente para a conversión do antigo centro de saúde de Tui (Pontevedra) no novo edificio xudicial que albergue aos tres xulgados da vila, de maneira que se execute neste exercicio 2017 a partida orzamentaria de 2 millóns de euros xa presupostados e que quede rematado e en servizo o edificio antes de decembro de 2018.

Pazo do Parlamento, 23 de marzo de 2017

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/03/2017 16:17:27



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/03/2017 16:30
Nº Rexistro: 6997
Data envío: 23/03/2017 16:27:42.878



 Grupo Parlamentario

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 23/03/2017 16:17:33

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 23/03/2017 16:17:38

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/03/2017 16:17:40

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 16.06.2017 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 9595(10/PNC-001003)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co uso de toponimia galega deturpada por organismos e institucións oficiais, así como pola empresa Google na aplicación Google Maps

Publicación da iniciativa, 124, 07.06.2017



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9595
Data envío: 29/05/2017 18:09:29.912

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Olalla Rodil Fernández, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, sobre o cumprimento da Lei de Normalización Lingüística no referido á toponimia galega por parte das institucións españolas e empresas como Google.

A Lei de Normalización Lingüística aprobada por unanimidade no Parlamento de Galiza en 1983 recolle no artigo 10 que a toponimia do país terá como única forma oficial a galega sendo esta a única legal a todos os efectos.

Porén, repítese de maneira continuada o uso de topónimos deturpados como *La Coruña, Vivero, Lage, Orense ou Sanjenjo*. De facto, mesmo institucións como o Ministerio de Xustiza español usa nos seus documentos oficiais termos inexistentes e ilegais de acordo co ordenamento xurídico vixente.

E non só. Tamén empresas como Google disponibilizan aplicacións como Google Maps con topónimos ilegais.

Por todo o exposto, formulamos a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9595
Data envío: 29/05/2017 18:09:29.912

1. Dirixirse ao Goberno español para amosar formalmente o rexeitamento ao uso por parte de organismos e institucións oficiais de toponimia ilegal lembrando que a única forma oficial é a galega.

2. Dirixirse á empresa Google formalmente para instar a que sexan corrixidos os topónimos da súa aplicación Google Maps restituíndoos á súa forma legal.”

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Luis Bará Torres

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Belén Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 29/05/2017 18:06:24

Noa Presas Bergantiños na data 29/05/2017 18:06:29



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2017 18:09
Nº Rexistro: 9595
Data envío: 29/05/2017 18:09:29.912

Xose Luis Rivas Cruz na data 29/05/2017 18:06:33

María Montserrat Prado Cores na data 29/05/2017 18:06:37

Xosé Luis Bará Torres na data 29/05/2017 18:06:39

Ana Pontón Mondelo na data 29/05/2017 18:06:42